

Quero principiar a miña intervención felicitando a tódalas empresas que participan neste acto de sinatura dos convenios de promoción do uso do noso idioma no ámbito das relacións socioeconómicas.

É quero facelo así porque este é un acto de suma transcendencia para a lingua galega que ve incrementada a súa representación nun ámbito, como son as relacións de consumo, onde esta presenza aínda segue a ser pouco menos que simbólica.

Pero sobre todo, e isto quero salientalo, para ir mudando unha concepción de País, no que pode parecer que as institucións públicas van por unha banda, e a iniciativa privada pola outra, no que se refire á observancia de normas de tanta transcendencia como son o Estatuto de Autonomía de Galicia e outras leis que dél derivan, que recoñecen o feito da cooficialidade lingüística como un valor que forma parte dun patrimonio cultural e, ao mesmo tempo, ampara os dereitos subxectivos dos falantes.

Non é, xa que logo, este acto de hoxe un dos moitos que se celebran arredor do fomento da lingua.

Este acto de hoxe ten unha importancia notoria polo que representa de garantía e recoñecemento real e efectivo dos dereitos lingüísticos das persoas consumidoras, pero é un acto tamén de estratexia comercial pois o uso da lingua propia aporta non só un valor afectivo a calidade do servizo ou do produto que se pretende comercializar, senón que tamén é unha mostra de comunicación áxil e moderna.

A lingua galega non é só dos poetas, dos escritores ou daquelas organizacións que a queiran defender. A lingua galega é un patrimonio de todos nós. É unha marca que nos singulariza e que o Estado e os organismos internacionais protexen como unha riqueza da biodiversidade cultural.

Adóitase pensar desde as instancias privadas que o discurso do fomento dunha da lingua é responsabilidade únicamente dos poderes públicos e dos intelectuais.

E tamén que a lingua galega é tolerable nalgúns espazos da sociedade, pero non noutros, onde as restriccións deben ser admitidas.

Seguir mantendo eses prexuíxos lingüísticos e ideolóxicos non ten sentido. Un exercicio continuado de tal natureza pode poñer en perigo a cohesión dunha sociedade e os valores que a conforman.

O Parlamento de Galicia, a teor desa filosofía, aprobou no 2004 un

Plan Xeral de Normalización que atinxe a tódolos sectores da sociedade galega, para que os poderes públicos, nomeadamente a Xunta de Galicia, actúen coordinadamente e poñan os medios necesarios para converxeren coas distintas políticas lingüísticas que se poidan articular.

En realidade o que fixo o Parlamento de Galicia foi artellar un vademecum de medidas que fagan posible que a cooficialidade lingüística sexa real na vida mesma, e non unha mera intención dos lexisladores que acaba quedando en papel mollado. Xa sabemos que o que lles ocorre ás sociedades que teñen normas xurídicas e estas non son observadas pola cidadanía: provocase unha crise de valores que atenta contra a orde establecida.

Pois ben. Nese Plan de Normalización contéplanse medidas para fomentar o uso da lingua galega nas actividades mercantís e económicas. E tódalas medidas recollidas están dentro da ortodoxia do dereito europeo, estatal e galego. Nada do que nel se contempla é contrario a Dereito.

O artigo 1255 do Código civil declara que os contratantes poden establecer os pactos, cláusulas e condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarias ás leis, á moral, nin á orde pública.

A partir deste artigo do Código Civil, auténtico frontispicio do ordenamento xurídico, as demais leis reguladoras da actividade económica fan, en moitos casos, referencias á cooficialidade lingüística.

As relacións laborais, os contratos, a publicidade, o etiquetaxe de produtos e outras actividades propias da vida cotiá das empresas, pódense realizar en lingua galega, con algunhas limitacións, pero que non limitan aprioristicamente o seu uso.

Velai están a lei de marcas do ano 2001, por poñermos un exemplo, que no seu art. 11.9 di que nas comunidades autónomas onde exista outra lingua oficial, aqueles documentos, ademais de en castelán, poderán redatarse na lingua cooficial.

Tamén o idioma nos rexistros mercantís admite a lexislación que os documentos que se presentes nestas instancias poidan estar redatados nunha das linguas cooficiais nos rexistros mercantís do territorio onde o réxime xurídico recoñece a validez de calquera das linguas.

A Carta Europea das Linguas Europeas é un referente de cabeceira á hora de entender o alcance dos dereitos lingüísticos. Esta Carta, que

foi aprobado polo Parlamento Europeo, recolle con minuciosidade os dereitos lingüísticos de consumidores e traballadores, aos que as empresas deberán prestar a debida atención para seren modelos de actividades económicas inseridas nunha realidade plurilingüística.

Hai ben anos o Consello Galego de Relacións Laborais, consonte con ese ordenamento xurídico europeo, aprobou por unanimidade das partes implicadas –traballadores, empresas e Administración Pública- a vontade de recoller nos textos dos convenios colectivos os dereitos lingüísticos dos traballadores.

Aínda que as sentenzas do Tribunal Constitucional teñen recoñecido os dereitos lingüísticos dos consumidores, Galicia non ten promulgado aínda unha Lei de Consumidores que incorpore no seu articulado ese precepto do recoñecemento constitucional.

A Fiscalía Superior de Galicia quere dar o parabén á esta iniciativa da Administración Autonómica, aquí representada polo Secretario Xeral de Política Lingüística, e ás empresas asinantes destes convenios, porque con esta práctica superamos vellos prexuizados e abrímoslles as portas aos dereitos lingüísticos nas relacións laborais, nas relacións de consumo e nas relacións coas administracións.

E procedemos desta maneira porque pensamos que é tarefa da Administración axudar as empresas a promover o uso do galego nas relacións coa clientela, co personal traballador e coas outras empresas, transmitindo a idea de que o uso da lingua propia da nosa realidade social incrementa a calidade do produto e do servizo final e, sobretudo, que a implicación do sector empresarial na comunidade na que interactúa, da cal se sustenta, obtén beneficios e a cal pretende servir é unha boa mostra non solamente no nome da calidade e da modernidade, senón tamén dunha visión innovadora e competitiva, que lle permite avanzar en proximidade, excelencia e fidelización da clientela.

Dicir para rematar que o galego é lingua oficial europea do século XXI e polo tanto lingua de información aos cidadáns tamén na súa calidade de consumidores e usuarios.

Apostar polo seu uso nas entidades comerciais será sempre respetar e velar polo cumprimento dun dereito pero tamén unha aposta de mercado e de calidade de servizo.

Carlos Varela

24/06/2009

